



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

G-36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10  
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758  
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE  
GALEGO

### **CIRCULAR: 39\_2023 CIRCULAR ACHEGA DE DIPLOMAS PARA O RECOÑECIMENTO DE PERSOAS QUE ASISTIRON A TRES ANDAINAS DE 50 KM DA FGM E A TODAS AS PROBAS DA COPA DE 25 KM DA FGM NO ANO 2022.**

Dende a Federación Galega de Montañismo se solía realizar unas galas, nas que se entregaban diferentes premios. Unhas destas premiacións se outorgaban ás persoas que realizaban un número determinado de andainas.

Segundo nos informan no ano 2022 as persoas que participaban na **liga de 50 km tiñan que rematar tres destas probas**. Ao rematar cada proba se lles entregaba ou se podían descargar **un diploma** (depende da proba). Despois estas persoas tiñan que enviar os diplomas á FGM, para na gala correspondente poder ser premiados.

No regulamento vixente do **Open de Andainas 25 km-Copa Galega de Andainas de 25 km de 2022** (segundo apartado 9 e 18 deste regulamento) constaba:

*No ano 2022, por eliminar temporalmente o sistema de regularidade, habrá un único premio por participación e remate de tódalas probas do Open, que se recibirá unha vez finalizada a tempada.*

#### Premios por proba

*En 2022 non habrá premios por proba.*

#### Premios da Copa

*En 2022 non habrá premios por copa. Serán por participación e remate de tódalas probas.*

A Xunta Directiva e/ou a Comisión Xestora vixente no ano 2022, no fixeron entrega destas premiacións do ano 2022. Atendendo á demanda das persoas participantes nesta Liga e Copa, a actual Xunta Directiva está organizando unha **Gala para entregar premios destas e outras modalidades deportivas, correspondentes aos anos 2022 e 2023. Esta tamén será a Gala do 60 aniversario da FGM. Esta celebrárase o día 16 de decembro.**

Para as premiacións do ano 2023 non fai falta que nos acheguedes os diplomas, porque xa temos os datos.

Coa intención de coñecer a todas as persoas que rematáchedes o circuíto de andainas de 50 e 25 km, pedímosvos que nos enviades á FGM os diplomas acreditativos das andainas finalizadas.

Lembrede que só deben ser os diplomas pola finalización, a inscrición as andainas non é suficiente (temos que participar e rematar a actividade).

Enviade os diplomas á seguinte dirección de correo electrónico: [secretaria@fedgalmon.gal](mailto:secretaria@fedgalmon.gal)



**FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO**  
**G-36630259**

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10  
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758  
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



**DEPORTE  
GALEGO**

Os diplomas teñen que estar neste correo **antes do vindeiro día 5 de decembro**. Unha vez pasado o día sinalado, non poderemos atender ningunha recepción máis, por mor de poder preparar os trofeos ben merecidos.

Recíbide un cordial saúdo,

Vigo, a 28 de novembro de 2023

A presidenta da FGM